

GUÍA DA REDE DE CENTROS ESCOLARES SOLIDARIOS

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

OBXECTIVO DA RCES

IDEAS FORZA DOS PROXECTOS SOLIDARIOS NA RCES

- A participación activa do alumnado nos diferentes procesos de execución de cada proxecto solidario.
- Escaleira de Hart.
- Os impactos e transformacións dos proxectos como eixe fundamental das propostas.
- Valores solidarios e competencias sociais e emocionais do alumnado.
- A conexión dos centros coa súa contorna.
- Integración das estruturas solidarias nas dinámicas de cada centro.
- Identificar elementos relevantes en cada proxecto susceptibles de seren transferidos a outras realidades.

ORIENTACIÓNS PARA O PROFESORADO

APRENDIZAXE-SERVIZO (APS)

WEBGRAFÍA DE INTERESE RELACIONADA COA APS





INTRODUCCIÓN

A guía da RCES preséntase como unha ferramenta de apoio ao profesorado e alumnado para o desenvolvemento dos proxectos solidarios que os centros educativos impulsan desde a acción voluntaria. O documento estrutúrase en dúas partes diferenciadas, por unha banda, a guía pretende identificar as ideas centrais nas que deben de converxer os diferentes proxectos, independentemente dos ámbitos onde traballa cada centro educativo.

Por outra banda, a guía pretende achegar metodoloxías e actividades educativas de interese que poidan ser aplicadas nos diferentes proxectos solidarios de cada centro educativo.

Neste senso, para que a guía cumpra a súa función, é moi importante o proceso de retroalimentación que recibamos dos centros educativos e do profesorado, para xerar un proceso de avance constante, que redundará no beneficio dos diferentes proxectos solidarios impulsados, e en definitiva, constituirá un gran de area na mellora da realidade que nos rodea.

OBXECTIVO DA RCES

O programa da Rede de Centros Escolares Solidarios (RCES) establece unha serie de obxectivos xerais coa intención de asentarmos liñas comúns aos diferentes proxectos de cada centro educativo, sendo conscientes da gran heteroxeneidade existente entre os proxectos e ámbitos de actuación, e as realidades de cada centro educativo.

A CONTINUACIÓN ESTABLECEMOS 6 OBXECTIVOS XERAIS QUE DUN OU DOUTRO XEITO DEBEN IMPREGNAR AS DIFERENTES PROPOSTAS SOLIDARIAS:

1

Situar o alumnado nun rol protagonista e cunha participación activa no desenvolvemento das diferentes fases dos proxectos solidarios de cada centro educativo.



2

Favorecer o traballo ao redor dos valores educativos de cada proxecto desde un esquema de actuación vivencial.



3

Dotar os diferentes proxectos solidarios de elementos transformadores da realidade sobre a que se actúa.



4

Propiciar espazos de reflexión sobre os proxectos solidarios que permiten asentarmos os valores educativos de cada proxecto e a importancia da labor solidaria.



5

Facer consciente a comunidade educativa dos impactos e transformacións que xera cada actuación solidaria.



6

Impulsar a interconexión dos proxectos solidarios coa contorna de cada centro, para propiciar sinerxías coas diferentes entidades e o tecido asociativo da comunidade de referencia.



IDEAS FORZA DOS PROXECTOS SOLIDARIOS NA RCES


Desde o programa RCES establécense unha serie de aspectos transversais que entendemos deben de integrar os proxectos solidarios de cada centro educativo, coa finalidade de acometer as accións solidarias e de voluntariado deseñadas, independentemente do ámbito no que se desenvolvan os mesmos.

Deste xeito, existen unha serie de elementos da RCES que progresivamente deben converxer nos diferentes proxectos, se ben é certo que cuestións específicas de cada realidade educativa e cada centro, poden condicionar o grao e ritmo de cumprimento dalgún destes aspectos centrais:



1

A PARTICIPACIÓN ACTIVA DO ALUMNADO NOS DIFERENTES PROCESOS DE EXECUCIÓN DE CADA PROXECTO SOLIDARIO:



Os obxectivos de cada proposta deben de situar o alumnado no centro do escenario como verdadeiro protagonista dos diferentes proxectos, nos procesos de deseño, organización, execución e avaliación de cada acción solidaria.

Este enfoque obriga os centros a analizar as propostas solidarias desde a perspectiva dunha participación relevante, sobre todo, no plano cualitativo.

Para facilitar este enfoque, pode resultar útil achegarse á *Escaleira da Participación de Roger Hart*, que xerou esta figura para comprender os diferentes *niveis de participación* da poboación infanto-xuvenil, e poñer en valor a necesidade dunha verdadeira participación de nenos, nenas e adolescentes identificando as súas características fundamentais.



ESCALEIRA DE HART



Nota: Adaptado de R. Hart (1993) La participación de los niños. De la participación simbólica a la participación auténtica. UNICEF.

PARTICIPACIÓN MANIPULADA:

O alumnado está presente no proceso, pero non comprende de que se trata nin as súas propias accións. O alumnado é usado para transmitir a idea da poboación adulta. Cando o alumnado están nunha manifestación portando unha pancarta sen ningún tipo de traballo participativo previo, sería un exemplo deste chanzo da escaleira de Hart.

PARTICIPACIÓN SIMBÓLICA:

Serían aqueles casos onde aparentemente se lles dá aos nenos e nenas a oportunidade de expresarse, pero en realidade teñen pouca ou ningunha incidencia sobre o tema, e pouca ou ningunha oportunidade de formular as súas propias opinións. Un exemplo sería, como ás veces se utiliza ao alumnado en conferencias ou concentracións e len o pensamento ou posicionamento elaborado integramente por poboación adulta.

PARTICIPACIÓN ASIGNADA:

O alumnado formaría parte deste chanzo cando se dean unha serie de requisitos:

- Que os nenos e nenas comprendan as intencións do proxecto.
- Coñecen quen tomou as decisións sobre a súa participación e por que.
- Teñen un papel significativo (non decorativo) nalgunha fase do proceso.
- Ofrécense voluntariamente para o proxecto despois de que se lles explique claramente o mesmo.

PARTICIPACIÓN DE POBOACIÓN CONSULTADA E INFORMADA:

Estamos falando do segundo nivel de participación real. Daríase no caso de proxectos deseñados e dirixidos pola poboación adulta, pero onde o alumnado comprende o proceso e as súas opinións tómanse en conta na construción do mesmo.

PARTICIPACIÓN DECORATIVA:

Neste tipo de procesos o alumnado é usado como un elemento "accesorio" ou "decorativo" do mesmo. Un exemplo disto refírese ás ocasións nas que se lles dá ao alumnado camisetas relacionadas con algunha causa para que as poñan publicamente nalgun evento, pero non teñen apenas información sobre o esa reivindicación e ningunha opción de efectuar achegas á organización do mesmo. As nenas e nenos son usados para fortalecer a causa de maneira relativamente indirecta.

ESTES 3 PRIMEIROS CHANZOS DA ESCALEIRA NON RESPONDE A UNHA VERDADEIRA PARTICIPACIÓN ("FALSA PARTICIPACIÓN").

PROCESOS INICIADOS POLA POBOACIÓN ADULTA, COAS DECISIÓNS COMPARTIDAS CO ALUMNADO:

Neste caso, o proceso é iniciado pola poboación adulta, pero a toma de decisións realízase conxuntamente co alumnado, polo que o grao de participación e a capacidade para incidir no proxecto son moito máis relevantes.

PARTICIPACIÓN INICIADA E DIRIXIDA POLO ALUMNADO:

Sería o proceso no cal o alumnado concibe e leva á práctica proxectos complexos e toman decisións que lles afectan a eles e a súa contorna. Este nivel de participación require xerar unha estrutura de apoderamento e facilitación por parte do profesorado.

PROCESOS INICIADOS POLO ALUMNADO, COAS DECISIÓNS COMPARTIDAS COA POBOACIÓN ADULTA:

Este chanzo caracterízase por procesos iniciados polo grupo infanto-xuvenil, pero contan coa participación da poboación adulta na toma de decisións.



Partindo da escaleira de Hart como un elemento de referencia, é moi importante que o profesorado identifique que proceso participativo vai a integrar dentro do proxecto solidario que se vai a impulsar, evitando estruturas de “falsa participación” e potenciando aqueles espazos dunha verdadeira participación, acordes ás posibilidades existentes no contexto educativo no que se desenvolve cada proxecto.

Isto quere dicir que a participación é un proceso de aprendizaxe gradual e complexo, que necesita que o profesorado actúe como facilitador do proceso. O alumnado só chegará a impulsar as súas propias iniciativas, se previamente vive en primeira persoa os beneficios de sentirse partícipe e parte implicada de cada proceso.

OS IMPACTOS E TRANSFORMACIÓNS DOS PROXECTOS COMO EIXE FUNDAMENTAL DAS PROPOSTAS:

Un dos elementos centrais no desenvolvemento dos proxectos solidarios reside en que o profesorado e o alumnado sexa capaz de identificar con claridade as necesidades ás que pretende dar resposta, e a partir de aí, detectar os impactos e transformacións que xera cada proxecto a diferentes niveis (en relación aos obxectivos pretendidos no proxecto, en relación á comunidade educativa, a nivel persoal, etc...).

NO QUE SE REFIRE AOS OBXECTIVOS

de cada proxecto, é fundamental identificar tralo desenvolvemento do mesmo, os logros e impactos xerados, tanto no plano cuantitativo coma no cualitativo. Deste xeito, identificar o número de xoguetes, os quilos de comida recollidos nunha campaña ou os xogos elaborados para as persoas maiores dunha residencia, son exemplos cuantitativos que facilitan que o alumnado sexa consciente do traballo solidario realizado de xeito conxunto ao longo do proxecto.

NA VERTENTE CUALITATIVA,

un vídeo de agradecemento da ONG coa que colaboran na recollida de roupa, un audio das persoas maiores da residencia explicando o felices que foron coa compañía do alumnado ao longo das sesións interxeracionais, ou que o alumnado rexistre beneficios emocionais nas persoas destinatarias do seu proxecto, son estratexias que facilitan que o alumnado poida identificar pequenas transformacións (dun gran valor) propiciadas coa acción solidaria impulsada.


SE QUEREMOS EVITAR QUE ALGUNHAS ACCIÓNS SOLIDARIAS SE CONVERTAN EN PEQUENOS AUTOMATISMOS, É FUNDAMENTAL XERAR ESPAZOS DE REFLEXIÓN AO REDOR DOS IMPACTOS E TRANSFORMACIÓNS QUE XERAMOS COS PROXECTOS.

Somos conscientes da carga de traballo do profesorado e o complexo que pode resultar impulsar este tipo de propostas, por iso, desde a perspectiva do traballo solidario desde o centro educativo, é preferible facer menos cantidade de actuacións, pero que integren todas as partes do proceso (incluída a reflexión final), que desenvolver moitas accións solidarias sen o *pouso educativo* necesario.



CAMBIOS A NIVEL PERSOAL

Outra das esferas nas que se deben visualizar os impactos e as transformacións é na propia dimensión persoal do alumnado e o seu rol dentro da acción solidaria. A súa participación nos proxectos solidarios deixa unha pegada, e o profesorado debe de propiciar que o alumnado identifique e descubra a mesma. Estes impactos positivos poden estar conectados ás aprendizaxes concretas, á sensibilización ao redor da problemática abordada ou ás emocións positivas derivadas do traballo realizado e as experiencias vividas no proxecto.



TRANSFORMACIÓNS NA COMUNIDADE EDUCATIVA

En ocasións, os proxectos solidarios que impulsamos no centro educativo poden xerar transformacións na propia comunidade educativa. Ben pola instauración dun festival benéfico no centro polo Nadal, a implicación de todo o centro educativo nunha acción solidaria, ou a creación dun grupo de voluntariado que impulsa diferentes actividades ao longo do curso que afectan a todo o centro, poden ser exemplos de impactos que os nosos proxectos solidarios xeran na comunidade educativa.

Os impactos máis relevantes a nivel de centro, aparecen cando os proxectos están consolidados e teñen unha traxectoria ao longo dunha serie de cursos escolares.



IMPACTOS DOS PROXECTOS SOLIDARIOS



Este traballo de visualización dos impactos e transformacións dos proxectos nestes tres niveis, é fundamental para fomentar actitudes motivadoras no alumnado cara á acción voluntaria e que os valores educativos que sustentan os proxectos, cheguen con nitidez ao alumnado.

3

VALORES SOLIDARIOS E COMPETENCIAS SOCIAIS E EMOCIONAIS DO ALUMNADO.



Os proxectos solidarios e de voluntariado nun centro educativo, son unha plataforma extraordinaria para que o alumnado desenvolva valores solidarios e competencias sociais e emocionais que van a conformar o seu desenvolvemento persoal e a súa aprendizaxe (xa que en función da estrutura de cada proxecto poderán desenvolverse competencias moi diversas).

Isto dáse especialmente naquelas propostas que dan especial relevancia aos espazos dun carácter vivencial e práctico, dando como resultado escenarios de aprendizaxe atractivos para o alumnado.

Neste senso, o uso de metodoloxías eminentemente prácticas e transformadoras como pode ser o Aprendizaxe-Servizo (ApS), son moi útiles para xerar procesos motivadores para o alumnado e que permiten vincular a solidariedade coas aprendizaxes que debemos de abordar co alumnado desde o currículo.

A SEGUNDA PARTE DESTA GUÍA DESENVOLVE A METODOLOXÍA DE APRENDIZAXE-SERVIZO (APS) E O SEU USO NOS CENTROS EDUCATIVOS.

4

A CONEXIÓN DOS CENTROS COA SÚA CONTORNA:



Un dos mecanismos máis efectivos para que os proxectos solidarios ou de acción voluntaria que impulsan os centros educativos poidan incidir na realidade que os rodea, consiste na creación de dinámicas e sinerxías entre os centros e a súa contorna con diferentes entidades e colectivos que desenvolven traballos tremendamente interesantes e positivos en diferentes ámbitos.

Estas relacións de partenariado ou de colaboración son moi útiles para conectar o alumnado coa realidade e as necesidades que se pretenden abordar desde os proxectos solidarios.

O medio é un elemento educativo de gran potencialidade que a través das diferentes entidades que rodean a cada centro, poden achegar un potencial enorme para asentar os valores e intencións solidarias que se pretenden impulsar desde cada un dos vosos proxectos.

5

INTEGRACIÓN DAS ESTRUTURAS SOLIDARIAS NAS DINÁMICAS DE CADA CENTRO

Para que o desenvolvemento dos proxectos solidarios transcenda máis alá da vontade ou motivación dunha persoa concreta ou pequeno grupo de profesorado, faise necesario xerar estruturas solidarias nas dinámicas de cada centro educativo.

Este é un proceso complexo que require dun certo tempo para a súa integración, pero xerar dinámicas que incidan na cultura do centro resulta moi beneficioso para o asentamento dos proxectos, que van moito máis alá da motivación individual dun determinado profesor ou profesora.

A implicación do equipo directivo, profesorado, departamentos, alumnado, ANPA...resulta esencial para xerar estas estruturas estables.



BOA PRÁCTICA

Un centro constitúe un *comité solidario* que dá pulo ás iniciativas solidarias, ou celebra efemérides como o Día Internacional do voluntariado (5 de decembro),

BOA PRÁCTICA

Un centro instaure no seu calendario de actividades un Festival Benéfico en colaboración con determinada ONG da súa contorna.

ESTAS ESTRATEXIAS ASENTAN DINÁMICAS ORGANIZATIVAS A PROL DA SOLIDARIEDADE E INCIDEN POSITIVAMENTE EN XERAR UNHA CULTURA DE CENTRO CONECTADA COA ACCIÓN VOLUNTARIA E A SOLIDARIEDADE.

ESTE TIPO DE ESTRUTURAS SOLIDARIAS SÓ SE PODEN ASENTAR COA IMPLICACIÓN DE DIVERSOS AXENTES, E DURANTE UN PERÍODO DE TEMPO QUE PERMITA PARA CONSOLIDAR AXEITADAMENTE OS PROCESOS.

6

IDENTIFICAR ELEMENTOS RELEVANTES EN CADA PROXECTO SUSCEPTIBLES DE SEREN TRANSFERIDOS A OUTRAS REALIDADES.

O desenvolvemento de cada proxecto vai permitir ao profesorado e ao alumnado identificar aqueles elementos que foron especialmente relevantes ao longo do proceso e que poderíamos identificar como boas prácticas, ben polo grao de motivación xerado, polos seus aspectos innovadores, o grao de participación conseguido, o seu valor emocional, etc...

Todos estes elementos poden ser transferidos a outras realidades doutros centros (coas adaptacións oportunas) e poder potenciar deste xeito espazos de conexión entre os centros que conformades o programa.

ESAS BOAS PRÁCTICAS PODEN CONSTITUÍR O XERMOLO PARA A CREACIÓN DUNHA REDE DE ALUMNADO E PROFESORADO QUE CONFLÚE NA NECESIDADE DE IMPULSAR PROCESOS E ESTRATEXIAS QUE PROMOVAN A SOLIDARIEDADE COMO VALOR ESENCIAL NA FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO.



ORIENTACIÓN PARA O PROFESORADO



Para poñer en práctica os diferentes proxectos en cada centro, a figura do profesorado resulta fundamental para acadar os obxectivos pedagóxicos e solidarios pretendidos en cada caso.

A continuación, facemos fincapé nunha serie de premisas que entendemos poden ser útiles para o profesorado a hora de impulsar as diferentes actuacións que se integran dentro da Rede de Centros Escolares Solidarios (RCES):



O ROL DO PROFESORADO

Un dos elementos esenciais para que os proxectos acaden os seus obxectivos educativos, ten que ver co rol que desenvolva o profesorado. Neste senso, a función do profesorado como "facilitador", resulta esencial para que o alumnado asuma o protagonismo desexado nas diferentes fases do proxecto.

Deste xeito, o profesorado nese labor da acompañamento, propiciará as condicións necesarias, para favorecer as aprendizaxes pretendidas do alumnado en cada momento do proxecto.



A IMPORTANCIA DA RETROALIMENTACIÓN AO ALUMNADO E A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA:

Un aspecto de grande importancia reside en garantir que dentro do desenvolvemento do proxecto, se ofrezca unha retroalimentación ao alumnado e a toda a comunidade dos logros conseguidos e dos impactos que está a producir o proxecto (aspecto analizado no apartado anterior).

En ocasións, o propio "día a día" ou as dinámicas aceleradas, impiden poñer o foco en aspectos tan relevantes e transcendentales como os quilos de comida repartida, os cartos recadados nunha carreira solidaria, o número de familias beneficiadas cunha doazón, ou a mensaxe de audio de agradecemento das persoas maiores dunha residencia, tralo programa de acompañamento realizado ao longo do curso.

Todos estes exemplos fan visibles impactos xerados grazas aos proxectos solidarios e que en ocasións, non incluimos dentro da dinámica das nosas propostas.

Estruturar esta "retroalimentación" mellora os procesos de motivación e implicación do alumnado, facéndoo sentir consciente do que xerou ese "gran de area" para abordar as necesidades pretendidas desde cada proxecto solidario.

Facer extensible esta comunicación a toda a comunidade educativa, converte en tanxibles os logros e pode xerar outras vías de participación e implicación non contempladas nun inicio.

OS ESPAZOS DE REFLEXIÓN DENTRO DO PROXECTO SOLIDARIO:

Se ben a veces resulta moi complicado pola gran cantidade de tarefas e cometidos que o profesorado ten entre mans, resulta moi beneficioso xerar algún pequeno espazo de reflexión sobre a práctica desenvolvida.

A inclusión da reflexión dentro dos proxectos de acción solidaria ou de voluntariado, achegan diversos beneficios. Por unha banda, a reflexión é un proceso transversal a todo o proxecto que facilita que o alumnado viva unha experiencia significativa mediante actuacións de acción-reflexión.

Ademais, a toma de conciencia que se deriva da reflexión, implica un exercicio de observación e análise sobre as nosas actuacións, que permite indagar nos logros que se van acadando, as nosas motivacións no proxecto, os aspectos a mellorar, etc...

Os procesos de reflexión individual e grupal co alumnado permiten acceder a un maior coñecemento, ademais de que axudan a poñer nome as emocións que vive o alumnado dentro da actividade solidaria. A toma en consideración sobre ambos aspectos é algo imprescindible para conectar de xeito coherente, as aprendizaxes pretendidas coa acción solidaria desenvolvida.

Os procesos de reflexión individual e grupal co alumnado permiten acceder a un maior coñecemento, ademais de que axudan a poñer nome as emocións que vive o alumnado dentro da actividade solidaria. A toma en consideración sobre ambos aspectos é algo imprescindible para conectar de xeito coherente as aprendizaxes pretendidas coa acción solidaria desenvolvida.

Como xa se comentou no apartado anterior, é máis produtivo seguir a premisa **"facer menos e mellor"**, de forma que potenciemos actuacións onde a reflexión teña espazos concretos perfectamente delimitados (desta forma estaremos multiplicando o seu valor educativo), que impulsar un gran número de actividades que estean centradas exclusivamente no proceso de execución.



APRENDIZAXE-SERVIZO (APS):

FERRAMENTA IDÓNEA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS SOLIDARIOS E DE VOLUNTARIADO.



A continuación achegamos as características básicas da aprendizaxe-servizo e as fases para o seu desenvolvemento.

A aprendizaxe-servizo é un método de ensino que combina o servizo á comunidade coa instrución académica para desenvolver o pensamento crítico e reflexivo, así como a responsabilidade cívica.

Os programas de aprendizaxe-servizo, comprometen ao alumnado nun servizo comunitario ben organizado e pensado para paliar as necesidades locais, mentres se desenvolven destrezas académicas, sentindo responsabilidade cívica e compromiso coa comunidade.

En calquera programa de aprendizaxe-servizo que en si mesmo é concibida como unha metodoloxía, pódense identificar unha serie de elementos comúns, e que son totalmente necesarios para poder establecer cando unha actuación deba de ser definida como aprendizaxe-servizo :

APRENDIZAXE-SERVIZO

O alumnado debe proporcionar un servizo necesario á comunidade que responda ás necesidades do territorio.

Debe relacionarse coa materia ou contido do curso ou programa, proporcionando unha aprendizaxe integrada. Os obxectivos curriculares e os obxectivos de servizo deben relacionarse e integrarse.

As actividades deben proporcionar un espazo para a reflexión, antes, durante e logo da actividade. Esta reflexión debe de ir dirixida sobre que se quere aprender a través da experiencia vivida e como integrar esta aprendizaxe coas materias e contidos do curso ou programa.

O alumnado debe ser o verdadeiro protagonista da súa aprendizaxe, adquirindo gran importancia a experiencia en primeira persoa, mentres que o profesorado debe de ser facilitador deste proceso de aprendizaxe.

En definitiva, a aprendizaxe-servizo é unha metodoloxía cunha alta carga pedagóxica, xa que propicia espazos vivenciais que poden percibirse en moitas actuacións no transcurso dun proxecto de ApS:

- Impulsando procesos de participación dentro do proxecto.
- Estructurando estratexias de traballo cooperativo entre o alumnado na organización da actividade.
- No deseño coidadoso dos espazos de reflexión que permitan a toma de conciencia do vivido.
- Na organización do proceso de facer visible o proxecto, o servizo desenvolvido e o seu recoñecemento persoal e social.

AS FASES NUN PROXECTO DE APS

A realización dun proxecto de aprendizaxe-servizo require dun percorrido onde se deben ir executando unha serie de fases, que permiten sacar o máximo partido á vertente de aprendizaxe e de servizo que estamos a planificar.

POR ONDE EMPEZAMOS?

Identificar unha idea que interese ao grupo e que poida evolucionar cara a unha actividade de aprendizaxe-servizo.

As actividades de aprendizaxe-servizo adoitan iniciarse a partir de algo que interese (a alumnado e profesorado) e que ten posibilidades de evolucionar ata converterse nunha proposta educativa. Tamén pode acontecer que o grupo estea a realizar algunha tarefa, estudo ou proxecto que, malia non xurdir como actividade de aprendizaxe-servizo, podería avanzar nesa dirección.

O educador ou educadora deberá formularse que tarefas de aprendizaxe e de servizo pode realizar o grupo.

**UNHA VEZ QUE SE TEN
UNHA PRIMEIRA IDEA**
-AÍNDA QUE SEXA DIFUSA-

Deberá pensar en que espazo se vai situar a actividade (titoría, contidos curriculares dunha materia específica, un tema transversal, unha campaña que se leve a cabo no barrio, un traballo por proxectos, etc.).

Nesta primeira fase, tamén convén clarificar o soporte institucional, e as colaboracións coas que podemos contar (profesorado implicado, familias, equipas directivas, ou profesionais externos ao centro educativo).

BOSQUEJO DO PROXECTO

O OBIECTIVO DESTA ETAPA É TOMAR CONSCIENCIA DOS PRINCIPAIS ELEMENTOS QUE INTERVIRÁN NA ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE-SERVIZO:



A importancia do grupo que levará a cabo a ApS

Cóñecer e analizar as características do grupo é fundamental antes de definir o proxecto, xa que para que a experiencia sexa gratificante e positiva, o nivel de dificultade ao que se enfrenta ten que adecuarse ás súas posibilidades.

Concretar un tipo de servizo que sexa necesario e útil á comunidade, unha acción que achegue algún beneficio fóra do grupo

Na medida en que sexa posible, convén que o grupo participe na detección das necesidades e a definición do servizo, xa que canto maior sexa o protagonismo que outorguemos nestes procesos, maior será a motivación e a implicación no proxecto.

Definición dos contidos académicos e aprendizaxes de competencias e coñecementos que serán necesarios para realizar un servizo eficaz

No caso de que a experiencia de aprendizaxe-servizo se iniciase a partir de contidos académicos, deberanse buscar posibilidades de servizos reais vinculados a aqueles contidos que se están traballando a nivel curricular.

Nesta fase resulta de especial interese pechar o proceso coa elaboración dun breve documento que sirva de guía ao longo do camiño que acabamos de iniciar.



ESTABLECER RELACIÓNS DE PARTENARIADO

A RELACIÓNS DE PARTENARIADO CONSISTE EN ESTABLECER UN ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE SOCIAL PARTICIPANTE E A INSTITUCIÓN EDUCATIVA.

A maioría das actividades de aprendizaxe-servizo require a colaboración da institución con algunha entidade social que poida ofrecer tarefas de servizos e posibilitar algunhas das aprendizaxes que se prevé adquirir ao longo da experiencia.

Nesta etapa, o profesorado e se a situación o permite, tamén o alumnado, deberán conectar con aquelas entidades que lles poidan axudar no proxecto, explicarlles a demanda que se lles fai e, escoitar con atención ás entidades, que son as que mellor poden definir as tarefas de servizos coherentes coas necesidades reais do colectivo ao que se dirixen ou das actividades ás que se dedican.



PLANIFICACIÓN CO GRUPO

O OBXECTIVO DESTA FASE É CONSEGUIR QUE O GRUPO ASUMA COMO PROPIA A ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE-SERVIZO E SE IMPLIQUE DESDE O PRINCIPIO NA SÚA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.



Convén definir elementos como as responsabilidades que asume cada integrante do grupo, a necesidade ou non de organizarse por comisións ou equipos de traballos, o tempo destinado ás actividades en conxunto e o modo de distribuílo en etapas, que momentos se van destinar á avaliación mentres dura a actividade, ou como e quen vai realizar os contactos coas persoas responsables da entidade social (en caso de que existan relacións externas con algunha entidade).

A toma de decisións compartida sobre cada unha destas cuestións está a facilitar que o grupo asuma como propia a actividade e estableza uns niveis de motivación óptimos para unha aprendizaxe centrada na experiencia e o desexo de realizar un servizo que dea resposta ás necesidades sentidas.

EXECUCIÓN CO GRUPO

NESTA FASE TRÁTASE DE EXECUTAR TODO O PLANIFICADO, DESDE UNS CRITERIOS DE FLEXIBILIDADE, EN FUNCIÓN DO PROPIO DESENVOLVEMENTO DE CADA FASE.

A amalgama de accións que poden ter cabida nun proxecto de ApS son innumerables, pero hai tres aspectos que debemos de ter en conta:



O equilibrio e vinculación entre as aprendizaxes e a actividade de servizo.

As relacións persoais e institucionais entre as entidades colaboradoras.

Os espazos de reflexión durante o tempo que dure a actividade, de xeito que se poidan introducir os axustes necesarios se fose preciso, adquirir conciencia do que se vai aprendendo, a autoavaliación das tarefas ou detección de novas necesidades.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

Se ben durante as fases anteriores existen espazos para a reflexión e avaliación constante, unha vez rematada a actividade é precisa realizar unha valoración global da actividade co grupo, incidindo sobre todo naquelas cuestións que quizais o proceder cotiá non permitiu analizar coa suficiente minuciosidade (funcionamento das comisións de traballo, o contacto coas institucións, novas propostas de mellora ou de continuidade da actividade...).

Ademais, nesta valoración ten que ter gran importancia a valoración emocional e das vivencias de cada participante na experiencia, para fortalecer e asentir as aprendizaxes.

DENTRO DESTA PROCESO AVALIATIVO, É DE ENORME INTERESE INCLUIR UN ENCONTRO ENTRE TODAS AS PERSOAS E ENTIDADES PARTICIPANTES DO PROCESO, COA FINALIDADE DE COMPARTIR E FORTALECER O ROL ACTIVO DE CADA QUEN AO LONGO DO PROXECTO.



O proceso péchase coa avaliación do equipo educativo que xestionou o proxecto de aprendizaxe-servizo, tendo en conta as valoracións do alumnado, das entidades implicadas, e na que se deben analizar aspectos tales como as aprendizaxes realizadas polo alumnado, a calidade do servizo, a vinculación entre estes dous elementos, a relación que se mantivo coa institucións, o grao de entendemento, o grao de satisfacción dos e das participantes, ou os contidos que estiveron presentes na actividade (informativos, procedimentais, competencias, etc...).




WEBGRAFÍA DE INTERESE RELACIONADA COA APS

- <https://www.aprendizajeservicio.net>
- <https://www.zerbikas.es/>
- <https://www.miteco.gob.es/es/ceneam/recursos/materiales/100-buenas-practicas-aprendizaje-servicio.html>
- <https://plataformavoluntariado.org/wp-content/uploads/2020/04/guia-aps-para-organizaciones.pdf>

PARA CALQUERA DÚBIDA, OU NECESIDADE DE ASESORAMENTO NO DESENVOLVEMENTO DOS VOSOS PROXECTOS DENTRO DA REDE DE CENTROS ESCOLARES SOLIDARIOS (RCES), PODEDES POÑERVOUS EN CONTACTO CON SERVIZO DE VOLUNTARIADO E PARTICIPACIÓN POLAS SEGUINTES VÍAS:

voluntariado@xunta.gal

[tfno. 981 546997](tel:981546997)



XUNTA
DE GALICIA

